



## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

**ACTA Nº 8/2016**

**FOLLA Nº 1**

**CONCELLO DE ORDES**

**PROVINCIA DE A CORUÑA**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

En Ordes, a vinte e seis de xullo de dous mil dezaseis.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Non asisten:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

Polo Sr. Secretario procédese a dar lectura á declaración institucional que os grupos políticos con representación no Concello de Ordes (PP, UXO, BNG e PSdeG-PSOE) aproban por unanimidade:

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE ORDES  
CONTRA OS ACTOS DE VIOLENCIA HOMICIDA NO MUNICIPIO DE ORDES**



## **CONCELLO DE ORDES**

---

### **(A CORUÑA)**

**FOLLA Nº 2**

O pasado domingo día 17 de xullo de 2016 a Vila de Ordes amenceu consternada pola noticia do violento homicidio dun veciño de Ordes.

Non é a primeira vez que o noso Concello é testemuña dun acto violento con resultado de morte.

Estes actos, ao igual que calquera outro acto violento, non son nunca xustificables, non poden pasar desapercibidos entre a veciñanza e os seus representantes escollidos democraticamente, sendo necesaria unha condena pública.

Por todo isto, O Concello de Ordes:

- Condena enerxicamente e manifesta a súa repulsa de tódolos actos violentos con resultado de morte acontecidos no Concello de Ordes.
- Manda un mensaxe de apoio á familia e amizades da vítima. Poñendo a súa disposición os servizos existentes no Consistorio para atender a demanda das súas necesidades.
- Manifesta a nosa confianza en que o traballo desenvolvido polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para o esclarecemento definitivo das circunstancias do suceso sirva para condenar co máximo rigor ao responsable.

#### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28/06/2016.**

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 28/06/2016, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 28 de xuño de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

#### **PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde non se da conta de ningunha actuación municipal.

#### **PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2.016, para



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

#### **PUNTO CUARTO: MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“No ano 1987, o Camiño de Santiago foi declarado Primeiro Itinerario Cultural Europeo. Esta declaración supuxo un importante recoñecemento internacional e proxección para o Camiño e para os territorios que atravesa.

No ano 2015 a Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela rexistrou un total de 262.516 peregrinos procedentes de todas as nacionalidades e a cifra non deixou de medrar nos últimos meses.

Do total de peregrinos chegados a Santiago de Compostela, os que decidiron percorrer o Camiño Inglés foron, segundo as estatísticas oficiais, un total de 9.247,0 que representa un 3,52% do total.

A importancia económica do Camiño de Santiago ó longo dos seus diferentes recorridos é un dos factores a ter en conta para o seu coidado e promoción. Non cabe dúbida de que debe aproveitarse por aquelas localidades por onde pasa como unha fonte de recursos directos e indirectos con capacidade para reanimar o tecido empresarial da zona.

O Camiño Inglés, que discorre integramente pola provincia da Coruña, debe ser coidado e mantido en boas condicións para potenciar e incentivar o mesmo.

Dende a Agrupación Socialista de Ordes co obxectivo de fomentar a chegada de peregrinos ó pobo pedimos nun rogo no pasado mes de setembro que se solicitase ó Xacobeo autorización para a instalación de paneis indicativos en diferentes puntos do Camiño ó seu paso polo Concello, que informasen ós peregrinos de como chegar a Ordes e dos servizos de que dispoñían no pobo, así como dos principais puntos de interese para visitar.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Sen dubida, a chegada de peregrinos ó pobo daría un respiro ó sector da hostalería, restauración, tan afectados pola crise.

Sen embargo, nos últimos meses observamos como o Camiño se atopa nunhas moi malas condicións de coidado, conservación e mantemento. Xuntamos varias fotos que poñen de manifesto as condicións nas que se atopa o Camiño en diferentes puntos. Non obstante, hai mais exemplos coma no desvío que vai para Poulo, ó pasar Vilariño, en Buscás, cando chove está intransitable e con maleza.

Polo que, en condición de Voceira Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instar ao Concello de Ordes a que, tendo en conta as condicións nas que se atopa o Camiño Inglés ó seu paso polo noso Concello, solicite ó Xacobeo que leve a cabo de inmediato as medidas de conservación e mantemento que sexan precisas para evitar que siga nas condicións actuais”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente ao seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que están de acordo co espírito da moción como non podía ser doutro xeito. É manifesta a preocupación do BNG polo estado do Camiño de Santiago. No período de alegacións ao PXOM presentaron varias suxestións para catalogar varios elementos que forman parte do camiño. So facer un apuntamento sobre a exposición de motivos na que se fala de facer chegar peregrinos ao pobo, algo ao que non se opoñen, pero entenden que o Camiño de Santiago debería ser un motor económico para as parroquias polas que discorre, Ardemil, Buscás, Poulo, Pereira, Montaos, mesmo outras como Leira que xa están a recibir peregrinos. Votarán a favor da moción.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo con esta moción por que o Camiño Inglés é un dos motores económicos do noso concello. Hai que intentar na medida do posible telo nas mellores condicións posibles.

Intervén o Alcalde, que sinala que se mantiveron contactos en relación coa situación que ten o Camiño no seu tránsito polo noso Concello. Na previsión do plan director estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 as actuacións de maior relevancia para o tramo inglés están contempladas para a anualidade 2017-2018, actuacións no firme, cambios na sinalización. Hai que engadir o servizo que se lle esta a dar aos peregrinos coas dispoñibilidade dos pavillóns no Mesón do Vento, Castelao. O ano pasado a raíz dunha memoria que se enviou ao Plan Xacobeo



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

recibiuse un terceiro premio por importe de 3000 mil euros que serán destinados a desbroces do treito no noso termo municipal para o seu adecentamento mentres non chegan esas obras tan necesarias e demandadas. Estase a traballar na creación dunha Asociación de Concellos do Camiño Inglés a que gustosamente nos vamos a sumar para mellorar o aproveitamento do Camiño Inglés. Vanse a sumar favorablemente para que o Xacobeo o teña en conta.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que está de acordo co que dixo o Sr. Veiras Carneiro. Que se fomente a chegada de peregrinos que sería positivo para todas as parroquias e os lugares de proximidade, aos que se podería fomentar a chegada de peregrinos coa instalación de carteis informativos para fomentar a economía e aproveitar o paso do Camiño.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no Plan estratéxico director do Camiño de Santiago, o acondicionamento do Camiño Inglés está previsto para este ano no documento que está na web do Xacobeo.

Intervén o Alcalde, que sinala que Nava Castro lles comentou que o plantexamento para o Camiño Inglés sería 2017-2018.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar ao Concello de Ordes a que, tendo en conta as condicións nas que se atopa o Camiño Inglés ó seu paso polo noso Concello, solicite ó Xacobeo que leve a cabo de inmediato as medidas de conservación e mantemento que sexan precisas para evitar que siga nas condicións actuais.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“A conciliación persoal, familiar e laboral facilita que calquera persoa traballadora poda manter ó mesmo tempo unha carreira profesional plena e á vez exercer o seu dereito ó coidado da familia, ó desenvolvemento da súa personalidade, á súa formación ou disfrute do seu ocio e tempo libre.

Todos os beneficios asociados á conciliación da vida persoal, familiar e profesional xustifican, por si só, a intervención do sector público para apoiar a cidadanía neste desafío.

Así a integración de aspectos sociais na contratación pública foi obxecto nos últimos anos de análise e de regulación mediante instrumentos diversos.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Dende a Agrupación Socialista de Ordes o que pretendemos con esta iniciativa é que nos contratos que vaia a adxudicar o Concello se adopten, sempre que sexa aplicable á natureza do contrato, criterios de valoración de ofertas nos pregos que fomenten a contratación con aquelas empresas que promovan a estabilidade e a calidade do emprego mediante medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Tamén o Estatuto dos Traballadores regula os dereitos específicos de conciliación e os convenios colectivos poden, no seu respectivo ámbito de aplicación, ampliar estes dereitos ou concretalos nos acordos colectivos.

Ademais, a Sentenza do Tribunal Supremo do 23/05/1997 establece que a Administración non está obrigada a aceptar o mellor prezo, senón a oferta máis favorable o interese público.

Evidentemente, as medidas sociais, éticas ou ambientais non e posible aplicalas con carácter obrigatorio en todos os casos, pero débese facer dende a Administración Pública na medida do posible, polo gran volume que as transaccións e contratos públicos representan na economía xeral e tamén porque as Administracións Públicas deben de ter un papel exemplarizante.

Ademais da mencionada Sentenza do Tribunal Supremo, tamén están os seguintes argumentos legais:

- Artigo 40 da Constitución: Os poderes públicos promoverán as condicións para o progreso social e económico e para unha distribución da renda persoal máis equitativa. De xeito especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego.

- O Comité Económico e Social da Unión Europea nun Ditame sobre contratación pública indicaba que o criterio de prezo non é o único determinante. Tendo en conta as prioridades comunitarias, especialmente en materia social, as autoridades públicas adxudicatarias poderán integrar estas preocupacións nos contratos que realicen.

- A Sentenza do 26 de setembro de 2000, asunto C-225/98 posibilita as cláusulas sociais como criterio de selección.

- Na normativa española sobre contratación pública, a inclusión de consideracións sociais nos contratos recóllese na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, cuxa exposición de motivos sinala que se permite introducir na contratación pública consideracións de tipo social (...), configurándoas como condicións especiais de execución do contrato ou como criterios para valorar as ofertas, prefigurando unha estrutura que permite acoller pautas de adecuación dos contratos a novos requirimentos éticos e sociais.

Polo que, en condición de Voceira Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

1.- Instar ao Concello de Ordes a que nos pregos de contratación inclúa, como criterio de valoración de ofertas, sempre que cumpra os requisitos dispostos na Lei de Contratos do Sector Público e sempre que sexa aplicable a natureza do contrato:



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

- Que as empresas teñan implantados ou implanten plans e/ou adopten medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras adscritas á execución do contrato”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente ao seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle pediu ao Secretario un informe sobre o contido desta moción, de acordo co artigo 150. Criterios de valoración de las ofertas, do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, polo que o que propón non é viable como criterio de valoración das ofertas pero si como condición especial de execución do contrato. Estando de acordo co fondo da moción, a proposta que lle fai, e dado que como criterio de valoración da oferta non pode ser incluída como tal, pero si como condición especial de execución do contrato, é que de conformidade co establecido no artigo 118 e artigo 150 do TRLCSP, o concello de Ordes establecerá como condición especial de execución dos contratos de obras, xestión de servizos públicos e servizos, a condición de que o adxudicatario do contrato se comprometa a implantar plans e/ou adoptar medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras adscritas á execución do contrato. A dito efecto os licitadores deberán presentar no Sobre A, Documentación, o seguinte modelo:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con residencia \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ con NIF nº \_\_\_\_\_ en nome propio ou en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (Título: .....)

Se compromete a implantar plans e/ou adoptar medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras adscritas á execución do contrato (Lugar,data e firma do proponente).

O Sr. Alcalde sinala que estas condicións de execución poderán referirse, en especial, a consideracións de tipo medioambiental ou a consideracións de tipo social, co fin de promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral, eliminar as desigualdades entre o home e a muller en devandito mercado, combater o desemprego, favorecer a formación no lugar de traballo, ou outras finalidades que se establezan con referencia á estratexia coordinada para o emprego, definida no artigo 145 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Por iso lle propoñen esta emenda para que a teña en consideración.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que eles tamén tiñan pensado que a parte de incluír cláusulas que promovan a conciliación da vida familiar e laboral, tamén se promove a integración das mulleres, das persoas con risco de exclusión social, persoas con diversidade funcional, desempregados de longa duración ou mesmo se inclúsen mecanismos para controlar as condicións laborais dos traballadores das empresas que contratan co Concello. No fondo están de acordo, sexa dunha forma ou doutra, hai que ser prácticos e sacar a moción adiante polo que non terían ningunha obxección a emenda que se acaba de presentar.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están totalmente de acordo co fondo da moción, están a favor da conciliación. Si que tiñan dúbidas, si que ían a solicitar o informe do Secretario, xa se aclarou polo Sr. Alcalde. Discrepan un pouco co que acaba de dicir o Sr. Veiras Carneiro por que hoxe en día o problema da conciliación é realmente da muller. O problema da conciliación que se teña en conta para todos, sobre todo hoxe, por que as persoas que o están a padecer con diversidade funcional, pero as mulleres somos as que máis problemas temos para conciliar a nosa vida familiar e laboral

Intervén o Alcalde, que sinala que o que propón a Sra. Gómez Fuentes, con bo criterio, non pode ser tido en conta como criterio de valoración das ofertas, si como condición especial de execución do contrato.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que aceptan a emenda, visto o informe. O que interesa é que se poñan en práctica estas medidas, nada mellor que na propia execución do contrato. En relación co que apuntou o Sr. Veiras Carneiro poderíamos engadir moitas máis condicións sociais, a moción é para empezar por algún punto, por que hai moitas outras cláusulas que se poderían engadir.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O concello de Ordes establecerá como condición especial de execución dos contratos de obras, xestión de servizos públicos e servizos, a condición de que o adxudicatario do contrato se comprometa a implantar plans e/ou adoptar medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras adscritas á execución do contrato. A dito efecto os licitadores deberán presentar no Sobre A, Documentación, o seguinte modelo:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con residencia \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ con NIF nº \_\_\_\_\_ en nome propio ou en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (Título: .....)





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Se compromete a implantar plans e/ou adoptar medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras adscritas á execución do contrato (Lugar,data e firma do proponente).

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“O concello de Ordes é propietario de dous tractores equipados con rozadoras. Nesta lexislatura púxose a traballar un dos tractores mentres que do outro nada se sabe.

No pasado pleno ordinario do mes de maio, durante o debate dos presupostos municipais, o alcalde anunciaba que o tractor que estaba a facer estes traballos levaba un mes parado e que se ían a contratar empresas para realizar as rozas.

Desde o 15 de maio deste ano, o concello de Ordes conta cun novo oficial na brigada de obras, polo que se dispón de máis persoal para poñer a andar o tractor parado e reforzar as labores de roza cando sexa preciso.

As pistas das concentracións parcelarias entregadas, levan moitos anos sen rozar e a día de hoxe seguen completamente esquecidas. Nalgúns casos con maleza que case pecha por completo o camiño, situación de abandono que incrementa de xeito exponencial o risco de incendios, especialmente nestas datas do ano.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Instar ao alcalde do concello de Ordes a poñer a traballar os dous tractores municipais nas rozas de cunetas e de pistas das concentracións parcelarias entregadas, evitando a contratación de empresas privadas para a realización destes traballos.
- Tódalas cunetas das pistas do concello de Ordes (incluso as secundarias) e as pistas das concentracións parcelarias entregadas, serán rozadas a lo menos unha vez ao ano”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente ao seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que están de acordo coa moción que recolle unha problemática que ven de atrás. Votando unha ollada á hemeroteca, cando o Alcalde estaba na oposición as críticas por este problema eran duras e persistentes. En xullo de 2013 reclamaba o desbroce da totalidade das marxes das pistas



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

e estradas de titularidade municipal. En xaneiro de 2014 nunha nota de prensa afirmaba que dous tractores traballando durante todo o ano poderían manter perfectamente limpas todas as pistas de Ordes e tamén criticaba que se externalízase este servizo a unha empresa privada. Decía que con ese diñeiro que se lle pagaba á empresa privada adicado á limpeza das cunetas eliminaríase este problema e podería manterse en correctas condicións os dous tractores municipais. Falaba do mal estado das pistas, do conseguinte deterioro do risco de incendios. Vemos como a moción do BNG recolle que un tractor segue desaparecido, que as condicións de mantemento das pistas de concentración das parroquias son negativas e séguese a contratar como puido comprobar hoxe que recibiu as actas das Xuntas de Goberno Local séguese a contratar empresas privadas para facer estes traballos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que a hemeroteca está aí. O tempo ás veces acábanos dando a razón. Non é o mesmo gobernar que estar na oposición. Na anterior lexislatura recibiron críticas pro parte do PP con respecto aos desbroces. O tractor antes non estaba desaparecido, supón que agora tampouco o esta, avaríase, como dixo o Sr. Veiras Carneiro o persoal ten dereito a acollerse a unha baixa, a veces as condicións metereolóxicas non son as adecuadas. Se o servizo o presta unha empresa privada se hai unha baixa se cubre, se hai un problema co tractor non é problema do concello. Encima se é unha empresa privada que é coñecedora do concello vai a ter coidado ao desbrozar ao ser coñecedora das pistas das parroquias do concello. Non se pode utilizar a demagogia, os obreiros son os que son, agora no verán fan moita falta, hai moitas actividades, moitos actos festivos, teñen dereito a baixas, vacacións, días por asuntos propios. Se se avaría un tractor, defenderon aquí moitas veces que saía carísimo reparar un tractor. Agora o PP terá os números feitos. O tempo acaba dando a razón en parte por que non é o mesmo gobernar que estar na oposición.

Intervén o Alcalde, que sinala que para ter contentos a todos e cada un dos veciños, especialmente nas épocas festivas, condiciona moito a maneira de proceder á hora de desbrozar. Non está perdido ningún dos tractores, están a traballar dende fai tempo, o que non tiñan é ferramenta. Das dúas desbrozadoras que había de brazo, so unha estaba operativa, a outra é chatarra. Non serve para ningunha outra cousa, non hai posibilidade de que se repare. Xa se fixo unha adquisición se ven as Xuntas de Goberno, adquiriuse unha arrastrada, a outra de brazo dende mediados de xullo do ano pasado estivo a traballar practicamente todo o tempo. Durante tres semanas, finais de maio, comezos de xullo por unha baixa de paternidade o tractor tivo que estar parado por que non temos persoal especializado para andar con esta máquina dentro da cuadrilla municipal. Agora no verán hai moitos traballos que hai que atender, espazos verdes, festas e moitas situacións que se dan en todas as parroquias de maneira puntual, o que non da para poder facer moito máis ou derivar persoal. A persoa que se contratou foi como oficial 1ª, no como maquinista para traballar con tractor municipal. Para que os dous tractores municipais poidan estar traballando, isto vai a levar tempo, non se vai a poder acometer todo o traballo nunha anualidade para poder chegar a toda a rede viaria municipal. É necesaria unha persoa especializada que coide ese tractor no día a día da mellor maneira posible. Os números están aí, nos orzamentos do ano 2015 había máis de cento dez mil euros para desbroces, este ano vanse facer actuacións importantes negociando os prezos destas actuacións. A época aconsellable para poder facer todas e cada unha destas actuacións bebera ser a partir do quince xuño para adiante para que non rebrote tanta vexetación. Traballos de desbroce que se fixeron en febreiro ou marzo xa volven a ter falta o que conleva ter que pasar dúas ou tres veces na mesma anualidade polo mesmo lugar, o que é un problema. Si estacionalizamos a época máis interesante para facer o traballo é imposible atender a todos os quilómetros da nosa rede viaria con dous ou con tres. Chegamos a ter traballando cinco tractores na nosa rede viaria municipal asfaltada ao longo do



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

mes de xuño e na primeira semana do mes de xullo, aínda así non están completadas todas as parroquias, queda parte de Ordes, algunha zona de Barbeiros, Pereira nas partes exteriores, Poulo, estase a traballar en Lesta, e parte de Vilamaior. O abandono da rede de concentración parcelaria non se provocou nun ano, hai pistas que están pechadas nas que un todoterreo ten dificultades para poder transitar. As pistas de Vilamaior e Barbeiros van a quedar listas ao longo de agosto e setembro. Buscás fíxose completa no ano 2015. O ano pasado parte de Beán, Montaos, Pereira e Ardemil foron feitas con actuacións que contratou o anterior equipo de goberno e que estaban rematadas ao comezo do verán. Parada, Lesta e Mercurín está contemplado facer unha actuación en toda esta rede viaria. Antes de que remate o ano espera que todas estas parroquias teñan actuacións feitas en toda a rede viaria de concentración parcelaria. Os dous tractores están aí, mentres non tiveron máquinas era imposible que traballase os dous, houbo que facer reparacións importantes. Hai que traballar con xente especializada, sempre a mesma persoa coa mesma máquina. Se quere que voten a favor da moción proponlle unha emenda que diga: evitando no posible a contratación de empresas privadas para a realización destes traballos. Vai haber momentos puntuais no mes de xuño con moitas festas que coinciden todas xuntas, nas que é necesario ter as pistas en óptimas condicións, é na época na que máis medra a vexetación e non podemos actuar única e exclusivamente cos tractores municipais. E despois todas as cunetas das pistas do concello de Ordes, incluso as pistas secundarias e as pistas das concentracións parcelarias entregadas tratarse de rozalas polo menos unha vez ao ano. Isto levará tempo, vai a ser un plan bianual, espera que co tempo, coa arrastrada que ten uns rendementos máis óptimos poder chegar a todas elas durante o ano. Se ten a ben estas emendas votarán a favor.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na pasada legislatura estaban na oposición, nesta legislatura tamén están na oposición, van a esixirlle o mesmo ao anterior goberno municipal e a este. O Alcalde en xaneiro de 2014 presentou esta moción, os acordos son basicamente o mesmo, menos o primeiro que era rescatar eses tractores municipais que xa están no concello. O resto de puntos son similares ao que propoñían. Non ven a problemática si xa estaba de acordo co que eles propoñen para que os traballos de roza municipal sexan levados a cabo cos tractores municipais evitando a contratación de empresas privadas. Para o BNG a empresa pública funciona mellor que a empresa privada. Os empregados da empresa pública teñen os mesmos dereitos que os das empresas privadas, teñen que ter os seus días de vacacións. Un tractor se traballa once meses ao ano, se para un mes non pasa nada. Hai persoal de sobra, agora mesmo vimos de contratar seis persoas para a brigada de obras, é moito máis do que había no 2014 cando o PP presentou esta mesma moción.

Intervén o Alcalde, que sinala que este persoal empezará o un de agosto. Temos feito o oitenta por cento da rede viaria a día de hoxe. O traballo xa tiña que estar feito, non é cuestión de facelo a partir do un de agosto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se lle alega que non hai persoal especializado, non sabe se cando contrataron este persoal se mirou de contratar un traballador especializado para andar con este tractor. Se non se conta con persoal especializado haberá que formalo. Están a ver que se están a confirmar as sospeitas que o Sr. Recurso Liste dicía na súa intervención que



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

lle parecía raro que o partido que tende a privatizar todo se lle dese por municipalizar un servizo.

Intervén o Alcalde, que sinala que convida a ver os quilómetros que se poden facer cada día e os quilómetros que ten a rede viaria municipal. Lle faremos entrega da planimetría por que se fixo un plan de traballo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que os quilómetros tamén os había no ano 2014.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que na empresa privada traballan sábados, domingos e festivos e se fai falta por que hai unha festa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que seguen pensando que se pode facer, como o están a facer noutros concellos, Mesía, Oroso e Frades.

Intervén o Alcalde, que sinala que tres tractores e menos quilómetros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que concellos máis pequenos con tres tractores e Ordes non pelexa por ter un cuarto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estamos niso, sabe que o pediron, pero este ano decidiron investir o diñeiro en motobombas. Pregúntelle a estes concellos se lle sae máis rendible facelo con medios propios ou pagar, como estamos facendo, a 125 euros/quilómetro cando se estivo pagando a 250 euros/quilómetro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se unha empresa privada o fai a 125 euros/quilómetro, unha empresa pública quitando o beneficio industrial teno que facer máis económico. Toda a maquinaria se desgasta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na empresa privada teñen un maior rendemento por que chegar a facer dezasete ou dezaoto horas cada día, veñen con dous traballadores e dúas máquinas. Co persoal municipal non é posible facer quendas. Oxalá estas cinco persoas houberan chegado o un de xuño. O ano pasado estaban a disposición do concello o un de maio, este ano despois do procedemento de contratación o un de agosto. É certo que dixo iso no seu momento, pero a realidade é que traballando con dous tractores non das feito o cen por cen de maneira óptima para os veciños, que son os que ao final de contas che van a esixir. Se o Sr. Vidal Ríos estivese no seu lugar pensaría o mesmo. Se non aceptan a emenda non poderán votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que seguen a pensar que a empresa pública é máis rendible que a privada, ten que poder levar a cabo estes traballos. Se o resto dos concellos os dan feitos, Ordes tamén ten que ser capaz. Haberá que pelexar coa Consellería ou coa Deputación para poder conseguir máis medios. Ve que non vai haber acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lles pide un pouco de marxe, é inviable que nunha anualidade poidan facer todo que se lle pide na moción. Están de acordo co seu contido, pero tamén hai que falar da realidade. Van a intentar contratar o menos posible, todos os quilómetros que se poidan atender cos tractores van a facerse cos tractores municipais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que van a manter a moción co seu contido.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que van a apoiar a moción, desexa que se cumpran as peticións contidas na mesma. Solicita coherencia co que se di cando esta na oposición e cando está no goberno. Agora mesmo a situación na meirande parte das pistas de concentración parcelaria das parroquias é bastante preocupante. Van apoiar a moción tal e como a plantexa o BNG.

Que están a favor da empresa pública, xa o defenderon aquí moitas veces, o defenderon en temas educativos, sociais. Outra cousa é a realidade. Frase evitar no posible evitar a contratación de empresas privadas, iso a xente non o entende, as festas son cando son, temos o tempo que temos. Hai que desbrozar neses meses e o persoal ten un horario é moi difícil compaxinar e conciliar todos estes intereses. Non é certo que as pistas de concentración parcelaria leven moitos anos sen desbrozar. O último ano que estiveron no goberno desbrozouse Beán, Pereira, Montaos, Barbeiros e Vilamaior, pistas da concentración parcelaria. Este ano está todo sen desbrozar. Habería que plantexarse como se di facelo dúas veces pero as condicións climatolóxicas son as que son. Os tractores nunca estiveron perdidos, estaban nunha nave, estaba gardado, había que reparalo, non había cartos, cree que o PP os atopou. Cree que cada vez que veu unha moción sobre o tema dos desbroces dixo que a persoa que leva o tractor ten dereito aos seus días, cunha empresa privada chegouse a desbrozar ata 5 qm diarios, aquí falouse de tres. Baixouse o prezo, pero hai que ver, hai queixas, ao mellor agora non as escoita, en Leira hai problemas, Buscás, na Espenica, non se chega a todo. Non se poden facer parroquias a medias polas festas. Como están os tractores, teñen avarías. O desbroce o ten que facer unha persoa cualificada. Aquí xa se pagaron danos por desperfectos en propiedades privadas. Van a darlle un voto favorable a esta moción para que se poñan a andar única e exclusivamente os dous tractores municipais e a ver se se chega en tempo e forma, se se desbroza correctamente. Ao mellor estabamos equivocados e o fixemos mal. Nisto tamén hai que apostar pola empresa pública.

Pecha o debate o Sr. Alcalde, que sinala que van a votar en contra se o acordo é tal e como está aquí, por que é un acordo imposible de cumprir como tal e non o poderán cumprir, garantido. Vai a ser totalmente inviable facer cos tractores municipais todas estas labores en toda esta rede viaria. Tratarase de paliar e minimizar ao máximo. Con respecto ás concentracións parcelarias non hai ferramenta, nin maquinaria axeitada para facela con medios municipais. Convida a que se vaia a ver parte desa rede viaria. Mentres non se poña noutras condicións non é viable facelo polo concello.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), cos votos en contra (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Instar ao alcalde do concello de Ordes a poñer a traballar os dous tractores municipais nas rozas de cunetas e de pistas das concentracións parcelarias entregadas, evitando a contratación de empresas privadas para a realización estes traballos.
- Tódalas cunetas das pistas do concello de Ordes (incluso as secundarias) e as pistas das concentracións parcelarias entregadas, serán rozadas a lo menos unha vez ao ano.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA N° 14

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“O servizo de xestión dos pavillóns municipais está contratado a unha empresa privada. Como é lóxico os traballadores collen as súas correspondentes vacacións, o que xa non ten tanto xeito é que o servizo deixe de prestarse por parte da empresa.

Varios veciños e veciñas dirixíronse ao grupo municipal do BNG de Ordes para que désemos traslado das queixas sobre esta situación, xa que durante as vacacións dos traballadores da empresa que xestiona este servizo, esta non cubre a praza con outra persoa, que ben forme parte do propio persoal da empresa ou sexa contratado durante as vacacións do traballador afectado.

O Alcalde na vez de esixir que a empresa preste axeitadamente os seus servizos, polos cales cobra ao concello, pois decide por parches momentáneos como é o feito de prestar as chaves ás persoas usuarias das instalacións municipais, debéndose encargar elas da apertura e o peche das mesmas.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Ordes esixiralle á empresa concesionaria do servizo de xestión dos pavillóns municipais a que cubra as vacacións dos seus traballadores con outros empregados dos que dispoña ou con persoal contratado a tal efecto, evitando en todo caso a parálise no servizo prestado e que esta situación se repita no futuro”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente ao seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que non tiñan coñecemento deste problema. O que aquí se expón parécelles dunha certa gravidade. Unha empresa que está cobrando ao concello pola prestación dun servizo, é fundamental que ese servizo se preste en condicións. Os veciños en ningún caso teñen que sufrir a parálise deste servizo e os prexuízos que iso conleva. Apoiarán a petición aquí recollida.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que isto lles parece máis un rogo que unha moción en si. Se teñen coñecemento disto a lei hai que cumprila.

Intervén o Alcalde, que sinala que pide que se lle aclare o que se expón na moción. El nunca lle deixou as chaves a ninguén. O técnico de deportes ten contacto coa empresa, aí esta o seu informe. Calquera persoa que fai unha solicitude por rexistro para a utilización das instalacións deportivas, ben sexa en Ordes ou no Mesón do Vento vai a ter sempre quen lle abra





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA N° 15

e quen lle peche. Esa persoa da que el non dubida quen é quen lle presta as chaves por que iso si que é o que lles interesa saber. Non está de acordo co parágrafo que di que se lle prestan as chaves, se lle pode aclarar quen é, senón tratarán eles de pescudar quen é. Se iso sucedeu que non volva a suceder, a eles se lles ratifica que cada vez que hai unha petición do pavillón non houbo ningún tipo de problema con el para atender aos peregrinos a calquera hora. Esta exposición de motivos sen que se lles explique máis aló non o consideran adecuado. Pregunta se esas persoas se dirixiron ao técnico de deportes ou fixeron unha petición para poder utilizar esta instalación e non tiveron ningún tipo de inconveniente para poder acceder a ela como calquera outro veciño de Ordes.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que neste momento está sorprendido. O Alcalde di que non lle deixaron as chaves a ninguén, que esa persoa ten que estar equivocada. Esta persoa fixo unha solicitude, presentada o 29 de xuño de 2016, asinada por un lote de xogadores, solicitan o pavillón Castelao II, os martes dos meses de xullo a setembro de 2016, de 21:00 a 23:00 horas. O técnico de deportes fixo entrega un papel no que se fai constar que se entrega a Don, DNI, dunha copia das chaves do pavillón Castelao II para o seu uso durante o mes de xullo, os martes de 21:00 a 23:00 horas, sendo responsable da súa conservación e bo uso, comprométese a súa devolución como prazo máximo o día 29 de xullo, en conformidade co anterior, unha vez recibidas, asina a presente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle ten que chamar a atención ao técnico de deportes por que non é o que lle puxo no informe que lle fixo entrega.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que esta persoa non tiña por que lle mentir, están aquí os papeis. Teñen que poñerse as pilas, controlar o funcionamento dos servizos e esixir que as empresas cumpran a súa parte. Ten que haber unha persoa que abra e peche o pavillón independentemente de que outra persoa colla as vacacións. E non entregar unhas chaves, das que se fai responsable, así como da apertura e peche das instalacións. Esta é unha moción na que se da conta dun feito de gravidade, non é un simple rogo. Que este documento existe e que foi asinado ante o técnico de deportes é certo.

Intervén o Alcalde, que sinala que descoñecía ese escrito, tomarán as medidas oportunas. É a miña responsabilidade ser coñecedor do que vostede acaba aquí de denunciar.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O Concello de Ordes esixiralle é empresa concesionaria do servizo de xestión dos pavillóns municipais a que cubra as vacacións dos seus traballadores con outros empregados dos que dispoña ou con persoal contratado a tal efecto, evitando en todo caso a parálise no servizo prestado e que esta situación se repita no futuro.





## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

#### PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- No Mesón do Vento, ó lado do Colexio, na pista que da acceso o pavillón, leváronse a cabo unhas obras de allanamento do terreo, habendo alí un carballo de máis de 60 anos cuxas raíces quedaron practicamente ó descuberto, sen ningunha protección, tal e como amosan as fotos.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que proceda a tapar correctamente as raíces desta árbore para así asegurar a súa conservación e a bordear a árbore mediante a colocación dun banco circular arredor da mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aínda se está acopiando material alí, a obra aínda non está rematada. A instalación do banco analizarase para ver se é viable ou non, protexeranse as raíces da árbore.

- No pleno do mes de outubro do ano pasado dende a Agrupación Socialista de Ordes trouxemos a Pleno unha moción para instar ó Concello de Ordes a que comezase co estudo necesario para poñer en marcha o Camiño Escolar Seguro neste novo curso escolar que comeza en setembro, de forma progresiva e escalonada nos diferentes colexios do pobo. Ésta é unha iniciativa que xa se está a poñer en práctica noutros moitos concellos e que permitiría fomentar a autonomía dos nosos nenos e nenas, fomentar a educación en valores cidadáns de responsabilidade, mobilidade sostible e medioambiental entre moitas outras vantaxes.

Por parte do Concello abrírase un período dun mes para a inscrición de voluntario/as que participarían nesta iniciativa.

Ante a inexistencia de información e ante a proximidade do novo curso escolar.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que nos informe se ten algunha intención de poñer en práctica este Camiño Escolar Seguro polo menos nun Colexio de cara ó vindeiro curso escolar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que só se apuntou un único voluntario, xa se lle dixo no seu momento, polo que é inviable a súa posta en marcha. Esa información xa se lle trasladou

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que se hai vontade de polo en marcha, é certo que moitas veces unha iniciativa se deixa en mans de voluntarios, pode ocorrer que os veciños ante o descoñecemento do contido da iniciativa non se animen. Se por parte do concello se pon en práctica nun pequeno tramo ou nun so colexio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle explicou que cos operarios municipais non é posible, a policía local non está disposta por que nos horarios de entrada e saída dos colexios teñen encomendada o control da entrada e saída dos autobuses escolares. Cando se adoptou o acordo xa se lle dixo que era inviable, que se aceptaba se había voluntarios. Deuse un prazo máis que suficiente, non os hai, non temos máis que facer.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que non tivo ningunha contestación por escrito. É unha mágoa que non se poña en práctica a iniciativa.

- A semana pasada chegaron a Agrupación Socialista de Ordes queixas de varios pais e nais pola situación de deterioro na que se atopa o Parque Municipal Félix Rodríguez de la Fuente, non só o mobiliario do parque, senón tamén algún xogo, tal e como amosan as fotos.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que revise o correcto estado de conservación e mantemento do mobiliario e de todos os xogos, reparando ou repoñendo os que estean en malas condicións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se adquiriron dez bancos para a súa reposición, colocaranse nas vindeiras semanas unha vez que teñan persoal suficiente. Con respecto aos xogos hai unha auditoría feita con respecto a este e os demais parques e as actuacións de máis necesidade, as de seguridade que se acometeron coa colocación de caucho, quedan actuacións pendentes por importe de dezaseis mil euros. Tratarán de ir facendo algunhas ao longo desta anualidade. Aquelas que non sexan urxentes ou perigosas incluíranse no Plan de Acción Social para o parque Félix Rodríguez de la Fuente e nos outros do termo municipal. O montante das actuacións achégase aos setenta mil euros.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

- Na parroquia de Buscás, na pista que vai cara ó Verdial, hai un panel informativo da ruta de sendeirismo que discorre entre as parroquias de Buscás e Poulo, que se atopa parcialmente tirado, tal e como amosan as fotos.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que proceda a súa recolocación o antes posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que procederáse.

- Nas últimas semanas estanse a desenvolver na estrada N550 ó seu paso polo Concello de Ordes distintas obras de conservación e mantemento desta vía.

Un dos tramos que se está a arrancar é o que vai dende a rotonda do polígono de Merelle cara o Mesón do Vento.

Este tramo pintouse, na meirande parte da súa lonxitude, con liñas continuas, sobre todo nos núcleos de O Cano e Castrelos, na parroquia de Leira, tal e como amosan algunhas fotos adxuntas o cal provoca grandes inconvincentes para moitos veciños e veciñas.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que solicite a Fomento unha revisión do proxecto de sinalización horizontal da estrada no tramo solicitado para modificar o mesmo naqueles treitos nos que sexa posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está revisado. Houbo unha reunión en Ordes, outra na Coruña, incluso coa asistencia da voceira de UxO. Non está fácil, a resposta é sempre seguridade por parte dos técnicos do Ministerio. Estanse a facer correccións, van a facerse máis. Pero non se vai a conseguir o estado anterior dende a rotonda do parque empresarial ata Mesón do Vento, van a impedir os adiantamentos, salvo onde haxa dobres carrís de circulación. Esta negociación é inviable, van a tratarse de mellorar todos os xiros posibles, incorporacións, pero non van a permitir as liñas de adiantamento salvo no tramo do Hotel Barreiro vindo cara Ordes na curva de Macoga e o dobre carril de subida a altura da Reboira cara o Mesón do Vento. Todo o demais van a ser pestanas que permitan o dobre xiro ou dobre circulación en puntos concretos. Están a aplicar a nova instrución de estradas. Mencionan accidentes dos que non se queren facer responsables, a día de hoxe co novo código penal serían eles responsables de calquera alteración que non sexa autorizada polos seus superiores. O proxecto foi revisado na totalidade do seu traxecto na Coruña, a zona máis condicionada é dende a rotonda do parque empresarial cara o Mesón do Vento, no resto do termo municipal vai a manterse como ata agora.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que era coñecedora desas reunións, hai que intentar manter os accesos á meirande parte das vivendas e locais de negocios que había antes.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

- No pasado mes de outubro dende a Agrupación Socialista de Ordes pedimos que na beirarrúa que baixa dende a rúa principal Alfonso Senra cara a Rúa do Parque se instalase unha barandilla xa que dita beirarrúa presenta unha esquina cun desnivel moi pronunciado.

Do mesmo xeito observamos como a intersección entre a Rúa Rodríguez de la Fuente e a Rúa do Recreo presenta un desnivel igual de pronunciado que no caso anterior, tal e como amosan as fotos.

Para as persoas maiores ou con mobilidade reducida, así como para os nenos é difícil moitas veces subir ou inclusive baixar convertendo este punto en perigoso, posto que o desnivel da beirarrúa é considerable producíndose xa alí varias caídas.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que instale unha barandilla no borde da beirarrúa, tal e como se instalou na beirarrúa que baixa entre a rúa Alfonso Senra e a Rúa do Parque, que axude as persoas maiores ou con problemas de mobilidade a transitar esta zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é coñecedor desta petición por veciños que viven alí ao carón. Necesitan primeiramente a autorización da Deputación, está sen contestar, despois valorarase a súa colocación.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes.

- A día 22 de xullo de 2017, na web do concello, dentro do apartado perfil do contratante, aparecen 3 contratos adxudicados: contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras: acondicionamento de pavillón polideportivo existente con adición de ximnasio, contratación do servizo de explotación do punto limpo, contratación do servizo de conservación das instalacións eléctricas.

A información que aparece do procedemento de adxudicación é mínima, onde non se recollen entre outras cousas: relación de admitidos e excluídos, o rexistro de consultas dos licitadores, xustificación da resolución, criterios de valoración, ...etc.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se publique no perfil do contratante toda canta información sexa posible, sobre cada un dos contratos adxudicados e os que o sexan nun futuro, na procura dunha maior transparencia.

Que o Concello de Ordes publique dita información na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se está a publicar o que marca a lei, o que é obrigatorio, o mesmo que fan o resto das administracións. O concello de Ordes publica no perfil do contratante a convocatoria das licitacións, os pregos de cláusulas e de prescricións técnicas, proxectos técnicos, a composición do comité de expertos, órganos de negociación e mesas de contratación que non aparecen reflectidos nos pregos, data de apertura dos sobres B e C, que é pública, así como os resultados da adxudicación. A Deputación da Coruña a día de hoxe publica os mesmos trámites. Dar outra información para que se estea aí analizando non o considera prudente. Con respecto á segunda parte, hai concellos que están, outros que non, non é obrigatorio, só para a administración do estado. De momento van a seguir a traballar co perfil do contratante, aínda que non deixa de valorar que nun futuro se poida incorporar o concello de Ordes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que en concellos onde goberna o BNG, por exemplo Carballo publican coas reservas de confidencialidade e protección de datos, tamén publican as relacións de empresas admitidas e excluídas, incluso as consultas dos licitadores para que todo o mundo teña acceso, para facer máis transparente a licitación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tratarán de mellorar o perfil do contratante pouco a pouco.

- Na rúa da Canteira, baixando cara o Campo da Feira, na marxe esquerda, comeza a estar invadida a beirarrúa por silvas que medran no solar contiguo.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se inste ó propietario do solar a que proceda á limpeza do mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o farán canto antes.

- O día 12 de xullo, produciuse un apagón total do alumeadado público na Rúa Mediodía e gran parte do recreo, deixando as escuras todas estas zonas.

Esta situación non é nova, xa que se repetiu nos últimos meses, creando problemas de seguridade.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se facilite información sobre o acontecido, e se xa foi solucionado para evitar que se repita nun futuro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non poden garantir que non haxa unha avaría nun futuro. Parece ser que a avaría era dun térmico que saltaba de maneira habitual que o



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

substituíron. Espera que durante un tempo non se volva a producir este apagón durante a noite. A avaría esta solucionada.

- Na zona da igrexa de Vilamaior, existe unha vivenda que se atopa en estado ruinoso, que constitúe un perigo para os veciños, xa que comezaron a caer parte das paredes.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se lle solicite ó propietario que acometa as obras precisas para deter o deterioro da construción e que se acabe derrubando.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que topamos coa Igrexa. A ver se conseguimos facer un acordo para a súa cesión. Habería que acondicionar aquilo para que os veciños teñan un aparcadoiro.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que aínda que sexa a Igrexa teñen o deber de conservar como temos todos os veciños do concello.

- Nos xardíns que se sinalan na fotografía, está instalado un rego automático, que non funciona correctamente, malgastando unha gran cantidade de auga que acaba indo para a beirarrúa.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se revise o sistema de rego, para impedir que se siga malgastando auga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado ao obreiro que o leva para que o emende.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na zona de Queirúa e o Conde, as vías de servizo paralelas a estrada N550 que enlazan coa ponte que cruza dita estrada, atópanse desde hai bastante tempo nun deplorable estado de conservación, cheas de fochancas e mesmo sen firme nalgunhas zonas.

Do mesmo xeito a sinalización tanto horizontal coma vertical nestas vías é inexistente, a pesares de contar con bastante tráfico rodado, o que está a causar numerosos problemas nos accesos a ditas vías.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 22

En setembro do ano pasado presentamos este mesmo rogo, e desde aquela nada cambiou e descoñecemos se existiu contestación algunha do Ministerio de Fomento. Dado a que se esta a proceder co asfaltado da N550, é o momento oportuno para recordarlles esta necesidade e que se poda acometer esta actuación cun custe mínimo aproveitando a presenza da maquinaria.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A instar ao Ministerio de Fomento a que leve a cabo o máis axiña posible as actuacións necesarias para a correcta conservación e sinalización de ditas pistas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non houbo contestación ningunha a ese rogo que foi enviado o 23 de outubro de 2015. Nunha reunión anterior se falou das vías de servizo, das necesidades nestes puntos e noutros do termo municipal, da necesidade de completar a vía de servizo á altura da Reboira e á altura da Xas. Estas peticións están feitas, o compromiso deles é facelos a posteriori unha vez que rematen estes contratos que xa tiñan adxudicados dende Madrid co seu plan de conservación e mantemento dos fondos da Demarcación.

- Hai rúas en Ordes nas que as papeleiras escasean ou mesmo chega a darse o caso de que chega a non existir ningunha en toda a rúa. Esta problemática maniféstase sobre todo nas rúas onde se cambiou o alumbeado público, por citar exemplos: Rúa de Galicia, Rúa Rosalía de Castro, Rúa Mediodía, Rúa República Arxentina, Rúa do Recreo, ...etc.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A dotar de papeleiras as rúas nas que escasean ou mesmo non existen.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se reporán, se non fosen suficientes adquirirán máis papeleiras para a rede viaria municipal.

Por último o Sr. Alcalde abre unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- A pista de tenis exterior existente na parte traseira do pavillón Campomaior, é moi utilizada pola veciñanza da vila que quere levar a cabo a práctica deste deporte. Coa ampliación prevista do pavillón para dotalo dun ximnasio, este elemento deixará de existir.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Ante isto, compre buscar algunha alternativa para que a veciñanza poda seguir exercendo a práctica deste deporte.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

A que nos informe sobre que alternativas lles ten pensado ofrecer aos/ás practicantes do tenis no concello de Ordes, e como se ten pensado solucionar a supresión desta pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de inicio xa se solicitou a autorización á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e vaise a sinalizar a pista e colocación do soporte da rede na zona intermedia entre o colexio e o pavillón de maneira temporal. A continuación hai dúas opcións, volver a facer a pista situada leste-oeste, o que sería un problema xogando en horario diúrno ou tratar de trasladala á cidade deportiva Vista Alegre en actuacións futuras cos plans da Deputación ou con fondos municipais centralizando así a práctica dos deportes. A solución a curto praza xa está adoptada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se nesa solución provisional van a estar alí os postes permanentemente colocados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que colocalos, iso leva cinco minutos. Estarán no almacén. Se van no horario de apertura das instalacións municipais o fará o conserxe.

- Nas resolucións e decretos de alcaldía que nos foron remitidos no último pleno, figura unha resolución de data 06/06/2016, onde se concede unha axuda económica para material escolar a 5 alumnos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria, curso 2015-2016.

Descoñécese o motivo polo cal se concede esta axuda a final de curso, cando non é preciso mercar material escolar para o curso que remata, o importe das mesmas, os criterios seguidos para a súa concesión e o proceso de convocatoria das axudas para que a veciñanza tivese igualdade de oportunidades no acceso ás mesmas.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

¿Cal foi o proceso que se seguiu para a convocatoria e concesión destas axudas?.

¿Cal foi o importe destas axudas concedidas?.

¿Por que se conceden estas axudas a final de curso?.

¿Existiron máis axudas para material escolar durante este curso que ven de rematar 2015-2016 e de ser o caso, cal foi o proceso de convocatoria e concesión das mesmas?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que as bases da convocatoria publicáronse no BOP de 19 de outubro de 2015, o prazo de presentación de solicitude era ata o 13 de novembro de 2015, presentáronse 222 solicitudes, cumprían os requisitos 188, 27 foron denegadas, 7 desistidas e 10 necesitaron dun informe social. Resultas



## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

FOLLA N° 24

estas axudas, sobreviviron catro casos de emerxencia social, un caso con dous menores, e habendo dispoñibilidade de crédito, previo informe da traballadora social concedéronse, non foi unha convocatoria diferente, foi dentro da mesma. Primeiro resolvéronse as solicitudes presentadas, e habendo crédito, que foi o caso, por emerxencia social acordouse concederlle a estas catro persoas. O total de gasto destas axudas foi de 240 euros. O total do gasto de todas axudas foi de 16.640 euros. Concedéronse ao final do curso por isto, xa estaban xustificadas. Membros da Anpa dalgún colexio solicitaron que se estudasen estas solicitudes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que fan esta pregunta para velar pola igualdade de oportunidades na obtención destas axudas. Non negan que houbera un proceso. Se se fixese unha nova convocatoria de axudas con cargo ao remanente podería ter saído algún caso máis a maiores destes catro casos de emerxencia social. Sempre se deben publicitar este tipo de axudas para cheguen ao máximo de persoas.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- Poden informar que é o que pasa coa obra da Ponte de Pereira, cando se van a iniciar as obras. Recórdalles que se comprometeron a que no mes de xullo estaría rematada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta é unha guerra continua. Xa debería estar rematada pero non se cumpriron os prazos que a eles lles trasladaron. O outro día falárono co Director Xeral en Parada, teñen a encomenda de xestión en tramitación pero sen o informe xurídico preceptivo. Trasládanlle que a obra ten que estar rematada en agosto. Non vai a hipotecar a súa palabra como lle sucedeu antes. Dubida dos prazos polo fraguado dos encofrados que hai que facer alí e que están contemplados no proxecto de obra, polo que non van a chegar a esa data. Espera que non se bote a chover e se complique a actuación. Pide desculpas aos veciños afectados. Seguirán insistindo, todas as semanas lle envía un recordatorio. Necesitan que a adxudiquen canto antes. O outro día recordóuselles a necesidade imperiosa de que estea rematada antes do comezo do curso escolar por que é un problema importante se non poden pasar pola ponte. Fixemos como data ese doce de setembro.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e trinta e un minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**